

PRESENTACIÓN DO LIBRO

Presentación o mércores 13 de outubro de 2010, ás 20.00 h,
na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra”
(Pazo de “Vila Melania”, Vilaboa, Culleredo).


Interveñen:

Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura
Miguel Anxo Fernán Vello, poeta e editor.
Xulio L. Valcárcel, poeta.
Pablo Bouza Suárez, autor.

Pablo Bouza

INGRÁVIDO SIGNO

1º PREMIO DA XXXV EDICIÓN DO CERTAME LITERARIO
DO CONCELLO DE VILALBA



ESPIRAL MAIOR
POESÍA

INGRÁVIDO SIGNO DE PABLO BOUZA SUÁREZ

Presentación

Como inicio deste Outono das Letras, a Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” acolle a presentación do libro *Ingrávido signo*, do que é autor un veciño do municipio, Pablo Bouza Suárez, técnico de Cultura do Concello de Culleredo.

Con este libro, publicado pola editorial cullerdense Espiral Maior, Pablo Bouza gañou o XXXV Premio de Poesía Concello de Vilalba no ano 2009.

Consideramos, xa que logo, que resultará de moito interese para os veciños/as de Culleredo, e todos os amantes das Artes en xeral, poder oír, da súa propia voz, os poemas de Pablo Bouza. Convidados quedades.

Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura

Datos biográficos

Pablo Bouza Suárez naceu en Fene (A Coruña) en 1965. É Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación pola Universidade de Santiago de Compostela. Exerce como funcionario no Concello de Culleredo (localidade onde reside), desempeñando o cargo de xefe do Servizo de Cultura.

Colaborou no xornal *El Correo Gallego*, na corresponsalía de Fene (1989).

Foi locutor- redactor na emisora Radio Fene (1989) e director da emisora Radio Culleredo (1991-1995). Nesta última colabora cunha columna semanal sobre cultura.

Membro do colectivo de técnicos culturais “Landrover” e da S.A.F. (Sociedade Artística Ferrolana).

Ten participado en diversas edicións dos Encontros de Pintura e Poesía organizados pola Deputación da Coruña, o Concello de Brión e o Concello de Culleredo. Ten sido xurado no Certame “Manuel Murguía” de ensaio da Deputación Provincial da Coruña (2004 e 2006) e no Certame Literario “Alfredo Suárez Ferrín” da Fundación IEPS (2008).

Poemas da súa autoría están publicados en revistas como *Poesía Galicia* ou *Anuario Brigantino*, e textos sobre os autores aos que se dedica o “Día das Letras Galegas”, en folletos editados polo Concello de Culleredo,

e algúns artigos e poemas en revistas ou catálogos de exposicións (como “Poemas” en catálogo da exposición “La piel de la piedra” do escultor Francisco Escudero, Galería Coleccionan, A Coruña, 2009).

Premios

3º premio no Certame de Poesía “Hernán Esquíó” (1984).

Accésit no Certame Nacional de Poesía “Pérez Parallé” (2000).

1º Premio no Certame Nacional de Poesía “Pérez Parallé”.

1º premio exaequo no Certame de Poesía “Concello de Vilalba” (2003).

1º premio no Certame de Poesía “Concello de Vilalba” (2004).

1º premio no Certame de Poesía “Conde de Gondomar” no Val Miñor (2007) (con *Na procura do Norte*, no prelo de Alvarellos Editora).

3º premio no Certame de Poesía da Asociación “Rosalía de Castro” de Cornellá (2007).

1º Premio no XII Certame de Poesía “Francisco Añón” de Serra de Outes (2008).

1º Premio do XV Certame de Poesía do Concello de Marín (2009) (co libro *A pel da pedra*).

1º Premio do XXXV Certame de Poesía do Concello de Vilalba (2009).

1º Premio do XXXVI Certame de Poesía do Concello de Vilalba (2010).

Libros

In aeternum, Deputación da Coruña (2007).

Na procura do Norte, (no prelo de Alvarellos Editora).

O home que falaba coas baleas (2009) (Premio Fco. Añón 2008).

Ingrávido signo (2010). (Premio Concello de Vilalba 2009).

